

Tema 19

O franquismo:

Características e institucionalización



O réxime franquista xurdiu da Guerra Civil como aglutinante dos vencedores no conflito. Aínda constituíndo un réxime de tipo ditatorial todo ao longo da súa existencia, a súa **extensa duración** (case corenta anos, o período máis longo da historia de España no S. XX) e a súa capacidade para adaptarse ás mudables circunstancias internacionais, fixeron que experimentara importantes cambios co paso dos anos.

Con todo, pódense sinalar como **trazos permanentes** do réxime os seguintes:

- A concentración de poderes na persoa de Franco.
- A existencia dun Estado forte e centralizado, negador da pluralidade interna de España.
- A negación das liberdades individuais e do pluralismo político e sindical. Estableceu un réxime de partido e sindicato únicos, ao tempo que perseguía calquera asomo de oposición ao mesmo.
- O forte peso que manteñen en toda a súa historia dúas institucións: o Exército e a Igrexa católica.



O réxime contou cunha **base social** inicial identificada cos apoios que os militares sublevados recibiran en 1936. Entre eles estaban todos aqueles grupos que sufriran unha erosión da súa posición de hexemonía social, motivada polas reformas republicanas ou polos procesos revolucionarios que tiveran lugar nalgúns lugares durante a guerra: as *clases dominantes* tradicionais (grandes terratenentes, alta burguesía) e institucións como a *Igrexa* e a maior parte dos mandos do Exército.

A eles sumáronse amplos sectores do *pequeno e medio campesiñado*, de mentalidade tradicional e cun fondo temor ao movemento obreiro, e das *clases medias urbanas* progresivamente encadradas no réxime a través da Igrexa, a Falanxe ou o Exército.


Os **fundamentos ideolóxicos** do réxime estaban en correspondencia cos apoios políticos que recibira o levantamento militar: desde a dereita conservadora ao fascismo falanxista, pasando polo tradicionalismo carlista, en xeral podemos calificar a súa ideoloxía como hostil á democracia. Inicialmente, os militares sublevados contra a república estaban unidos unicamente contra o que eles consideraban os graves males que trouxera a república: democracia, liberalismo, laicismo, separatismo... Foi durante a Guerra Civil cando se perfilaron os trazos do novo réxime, en gran medida obra persoal de Franco. A súa

formación militar foi determinante á hora de organizar o país como se dun cuartel se tratara: mando único e indiscutible, orde e obediencia a autoridade, imposición dos valores militares e católicos, unidade de patria, férreo control dos opositores e mantemento do tradicionalismo en costumes e símbolos.

Así, pódense sinalar como compoñentes da peculiar ideoloxía que impregnou o réxime ao *conservadurismo social* (encarnado pola dereita tradicional), o *confesionalismo relixioso* (profesado pola Igrexa e a maioría da opinión pública católica), o *fascismo* (Falange) e un forte *nacionalismo español*.

Nos primeiros anos o fascismo exerceu unha influencia poderosa, a cal se íría debilitando co paso do tempo mentres se consolidaba como ideoloxía aglutinante o que se deu en chamar **nacional-catolicismo**. Este era un pensamento fortemente nacionalista que identificaba a esencia de España co catolicismo e rexeitaba toda heterodoxia política ou relixiosa, ao tempo que defendía unha concepción corporativa do Estado e da sociedade. España debía recuperar o seu esplendor pasado -localizado no tempo dos Reis Católicos e o imperio dos primeiros Austrias- erradicando dexeneracións estranxeirizantes como o liberalismo, a masonería e o marxismo, que debilitaban o auténtico "ser español" e acadaran a súa maior difusión nos tempos da República.

Os piares do novo Estado

- **O propio ditador e a acumulación de poderes na súa persoa:** Xefe do Estado, do Goberno -ata 1973-, do Movemento, dos Exércitos e dotado de poderes excepcionais para promulgar leis en casos de urxencia. Recibiu o título de Caudillo de España e foi considerado o símbolo e a encarnación da vontade da nación española.
 - **A Falange ou Movemento Nacional**, nacida como partido único en 1937 (pola fusión obrigada dos falanxistas e os tradicionalistas). De ideoloxía fascista, sería dominada e adulterada por Franco ata que foi perdendo os seus ideais orixinais e se converteu nun aparato burocratizado fiel ao Caudillo, mantendo un forte control sobre a Organización Sindical, e a supresión de todos os sindicatos de clase, e algunhas organizacións de encadramento de masas (Fronte de Xuventudes, Sección Feminina, Sindicato Español de Estudiantes...)
- 
- **As Cortes, órgano de representación corporativa** concebidas como suposta canle de participación dos españois nas tarefas do Estado, en realidade trátase dun pseudoparlamentarismo de partido único.
 - **A Organización Sindical** ou conxunto de **sindicatos "verticais"** integrados por empresarios, técnicos e traballadores agrupados por sectores de produción. Á súa fronte estaba un "Delegado Nacional"
 - **O Exército, verdadeira columna vertebral do Estado** e garante da súa permanencia. Encabezado por Franco como "Xeneralísimo dos Exércitos". Mandos militares ocuparían postos de responsabilidade no goberno, na administración e nas empresas públicas. O exército era garante da unidade de España, considerada como "unha unidade de destino no universal"

- **Centralismo:** en correspondencia coa unidade nacional, todo o sistema baseábase no principio da unidade de poder e no centralismo. Todas as institucións autonómicas foron suprimidas e calquera manifestación do particularismo foi perseguida. O único idioma permitido era o castelán.
- A estas institucións había que sumar a **Igrexa**, cun papel clave na lexitimación do réxime e no sistema de ensino. O franquismo prohibiu a práctica doutras relixións distintas á católica, eliminando o matrimonio civil e o divorcio. A igrexa obtivo o control sobre a moral, os costumes e a educación, impuxo na vida pública unha estrita moral católica, velando polos bos costumes. (censura, normas sobre a vestimenta, imposición excluínste da moral católica...)
- **A familia:** que foi considerada polo franquismo a base fundamental da sociedade. Protexida polo estado e de acordo coa moral tradicional católica, a familia baseábase no matrimonio canónico indisoluble e na procreación dos fillos. Nela, cada un dos seus membros ten unha finalidade e deber específico: o home, traer os recursos; a muller, os labores da casa e os fillos. A subordinación da muller é total, chegando a estar nunha situación de desigualdade legal. Na divulgación destes valores tivo un papel fundamental a **Sección Feminina**, creada e presidida por Pilar Primo de Rivera, que potenciou un modelo feminino caracterizado pola pasividade política e a nula participación pública e que contribuíu ao deseño e control dunha educación feminina destinada a formar amas de casa nas escolas.

Estrutura e institucionalización do novo Estado

En canto á estrutura e INSTITUCIONALIZACIÓN do novo Estado, o franquismo procedeu a un rápido desmantelamento das institucións. Pola contra, a plasmación legal do réxime foi lenta. Franco era moi remiso a fixar en exceso e en detalle as atribucións do poder e opúxose frontalmente a unha constitución que recordase o período liberal. Cando se decidiu a institucionalizar o seu goberno persoal, foi en resposta a acontecementos externos e a presións de os que querían asegurarse a continuidade do franquismo en España. Iso obrigou a promulgar un conxunto de leis complexas, e ás veces contraditorias, que aparecían segundo as necesidades políticas do réxime. Así, o ordenamento xurídico do franquismo estivo articulado arredor dunhas leis básicas na organización do estado: as **Leis Fundamentais** carentes de lexitimación democrática. Son un total de sete leis elaboradas durante case trinta anos:

- **O Foro do Traballo.** Na primavera de 1938, Franco decretou o Foro do Traballo, que articulaba as relacións do mundo do traballo e establecía os fundamentos sobre os que se organizaría a economía do novo Estado. No texto, inspirado no modelo fascista italiano, un apéndice do Estado, o sindicato único obrigatorio, entregado á Falanxe, encargábase do encadramento laboral, nos sindicatos verticais, únicos que se permitían.

- **A Lei Constitutiva das Cortes.** A lei constitutiva das Cortes foi promulgada en 1942, aconsellada pola evolución do conflito europeo, que xa empezaba a decantarse a favor das democracias occidentais. Con esta lei, o réxime convocaba a "a participación do pobo nas tarefas do Estado" mediante a institución dunha Cámara "representativa" composta por máis de cincocentos procuradores en Cortes, a maioría dos cales o eran de oficio e cincuenta designados directamente por Franco.

- **O Foro dos Españóis.** Terminada a Segunda Guerra Mundial, Franco publicou en 1945 o Foro dos Españóis, como outra operación de maquillaxe do réxime ante as esixencias democráticas dos vencedores. Só en aparencia era unha declaración de dereitos, pois o texto insistía, sobre todo, nos deberes dos españois e na estrutura autoritaria do Estado.

- **A Lei de Referendo:** En 1945, o Foro dos Españóis foi completado pola Lei do Referendo, que pretendía mostrar que en España estaba recoñecido o sufraxio universal. Así, a Lei do Referendo establecía que os españois podían ser consultados individualmente en forma de plebiscito nacional, sempre por decisión de Franco e para someterlles cuestións de Estado.

- **A lei de Sucesión.** Tras dez anos de vida do réxime, en 1947, abordárase o problema da continuación do franquismo sen Franco. Con este obxectivo, a Lei de Sucesión na Xefatura do Estado foi sometida a referendo e aprobada nun das "fraudes electorais" da historia do réxime por máis do 93 por 100 dos votantes, con só unha abstención do 18 por 100. A Lei establecía que España era un Estado católico, social e representativo, que se declaraba Reino de acordo coa súa tradición monárquica. A Franco confirmábaselle como xefe vitalicio do Estado e reservábaselle o dereito de nomear sucesor a título de rei.

- **Lei de Principios do Movemento Nacional.** En 1958, sen deliberación previa nas Cortes, Franco promulgou a Lei de Principios do Movemento Nacional, que establece os principios inmutables e permanentes do réxime. A lei supuña a incorporación institucional da doutrina falanxista e o recoñecemento de Falanxe Española Tradicionalista (FET) como único partido.

Os cambios socio-económicos dos anos 60 apenas tiveron tradución no plano político. Desde finais da década anterior, os "tecnócratas" foron gañando posicións no goberno e nas estruturas políticas franquistas, apoiados polo que estaba chamado a ser garante da continuidade do franquismo, o almirante *Luis Carrero Blanco*.

O réxime intentou concluír o seu labor de institucionalización. Neste sentido, salienta a aprobación da súa última "lei fundamental", a **Lei Orgánica do Estado (1967)**, concibida como unha culminación e recapitulación de todas as anteriores.

Franco intentou solucionar tamén dun modo definitivo a cuestión sucesoria, en 1969 o ditador nomeou sucesor ao príncipe Xoán Carlos, quen prestou xuramento de fidelidade aos principios do Movemento Nacional e foi ratificado polas Cortes. Con este nomeamento rompíase co principio da "lexitimidade dinástica" e pretendíase instaurar unha monarquía de novo cuño, nacida das entrañas mesmas do réxime franquista.



Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)